

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 19-05-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**Por favor, cubra os seus datos antes de
comezar a responder:**

*Por favor, cubra os seus datos antes de comezar a
responder:*

Nome e apelidos

Nome e apelidos

DNI:

Sinatura:

Firma:

Exame de obtención do Certificado de Aptitude Profesional (CAP)

Viaxeiros

19/05/2021

16:30 H

-GALEGO-

MODELO A



**Dele la vuelta al cuaderno
para disponer del examen en
CASTELLANO**

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 19-05-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

1. Pode a Administración impoñer ao contratista dun servizo público de transporte regular de uso xeral obrigacións de servizo público?

- a) Non, en ningún caso
- b) Si, sen necesidade de compensación económica, posto que o titular é a Administración
- c) Pódense impoñer, pero o contratista pode non aceptalas.
- d) Si, coa correspondente compensación económica.

2. Pode unha empresa de transporte conceder primas aos seus traballadores en función do volume das mercadorías transportadas?

- a) Si, aínda que comprometa a seguridade na estrada
- b) Non, en ningún caso.
- c) Si, pero sempre que fagan transporte discrecional.
- d) Non, se ditas primas fosen de tal natureza que puidesen comprometer a seguridade na estrada.

3. Dentro de que categoría de transporte de viaxeiros por estrada encadraría a un servizo de recollida de escolares desde o seu domicilio ao colexio?

- a) Un servizo regular de uso especial.
- b) Un servizo regular de uso xeral.
- c) Un servizo discrecional de uso especial.
- d) Un servizo discrecional de uso xeral.

4. Nunha empresa de transporte por estrada, a quen lle corresponde distribuír as ordes de roteiro entre os condutores?

- a) Ao xerente.
- b) Ao administrativo.
- c) Ao xefe de tráfico.
- d) Ao condutor.

5. No caso da licenza comunitaria para transporte de viaxeiros:

- a) esta expedirase referida a cada un dos vehículos, debendo levar a bordo a autorización que corresponda ao vehículo en cuestión, sempre que se atope realizando un transporte de viaxeiros.
- b) outorgaranse tantas licenzas comunitarias como vehículos dispoña a empresa.
- c) outorgaranse todas as licenzas que solicite a empresa (para poder facilitarllas aos transportistas colaboradores).
- d) outorgarase unha autorización por empresa e tantas copias como copias da autorización de transporte público en autobús teña a empresa solicitante.

6. As normas especiais sobre transporte de menores en autobús son aplicables aos transportes públicos discrecionales cando os viaxeiros menores de 16 anos supoñan...

- a) a quinta parte ou máis.
- b) as tres cuartas partes ou máis.
- c) a metade ou máis.
- d) a terceira parte.

7. Onde debe colocarse a parte inferior do cinto de seguridade?

- a) Sobre a zona pélvica.
- b) Sobre as coxas.
- c) Sobre o abdome.
- d) É indiferente.

8. Para que transportes de viaxeiros se esixe libro de roteiro a bordo do autocar?

- a) Para o transporte privado complementario.
- b) Para o transporte público discrecional interurbano.
- c) Tanto para o transporte público como para o privado.
- d) Para o transporte público, a excepción do transporte escolar.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 19-05-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

9. O requisito de honorabilidade esíxese a:

- a) os condutores de transporte escolar.
- b) os condutores de vehículos de emerxencia.
- c) as empresas de transporte público en autobús.
- d) as empresas que efectúan transporte escolar, unicamente.

10. A manipulación dos mecanismos de apertura ou peche das portas de acceso ao vehículo por parte dun viaxeiro é unha infracción sancionada por:

- a) a empresa transportista.
- b) a Administración.
- c) o condutor de vehículo.
- d) non é unha infracción de ningún tipo.

11. Como denomina a normativa da Unión Europea a un transporte de viaxeiros efectuado por unha empresa con fins non comerciais, cos seus propios vehículos e condutores e que constitúa unha actividade accesoria para a mesma?

- a) Transporte privado complementario.
- b) Servizo discrecional.
- c) Servizo regular.
- d) Transporte por conta propia.

12. A partir dos 65 anos, o permiso de conducir da clase D+E ten unha validez de...

- a) 5 anos.
- b) 3 anos.
- c) 2 anos.
- d) 1 ano.

13. Con que siglas se coñece a masa máxima autorizada?

- a) MMA.
- b) AMA.
- c) MAM.
- d) MTMA.

14. Cando a curva permite que o autobús circule apoiado durante un gran percorrido, fálase de:

- a) apoios longos.
- b) apoios curtos.
- c) apoios débiles.
- d) apoios fortes.

15. Cando se produce un cambio de apoio?

- a) Cando a curva permite que o autobús circule apoiado durante un gran percorrido.
- b) Cando a inclinación que alcanza o autobús é a máxima posible.
- c) Cando o apoio pasa sucesivamente das rodas dun lado ás do outro.
- d) Cando o apoio pasa sucesivamente das rodas dianteiras ás traseiras.

16. Os condutores de vehículos que circulen por unha vía fóra de poboado, deberán facilitar a incorporación á circulación dun autobús desde unha parada sinalizada?

- a) Non.
- b) Si, en calquera circunstancia.
- c) Non, agás que o autobús sexa de transporte escolar.
- d) Si, na medida do posible.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 19-05-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

17. Que servizos liberaliza o Acordo INTERBUS?

- a) Determinados servizos regulares.
- b) Determinados servizos discrecionales.
- c) Todos os servizos discrecionales.
- d) As resposta A e B son correctas.

18. Son transferibles as autorizacións comunitarias de transporte internacional de viaxeiros de carácter regular?

- a) Si, sempre que se poñan de acordo cedente e cesionario.
- b) Non.
- c) Só cando leven utilizando un mínimo de cinco anos.
- d) Só cando leven utilizando un mínimo de tres anos.

19. Necesítase autorización de transporte para efectuar un transporte oficial en autobús?

- a) Si.
- b) Non.
- c) Só cando se supere o ámbito territorial da Administración pública que vai efectuar o transporte.
- d) Só se se realiza en vehículos de capacidade superior a 22 prazas máis o condutor.

20. Que debe facer o titular dunha empresa de transporte en autobús cando un viaxeiro reflecta algunha queixa no libro de reclamacións?

- a) Gardar o libro coa copia da reclamación.
- b) Entregar á Administración o exemplar da folla destinado á mesma, acompañado das alegacións que estime convenientes.
- c) Entregar á Administración o libro de reclamacións, acompañado das alegacións que estime convenientes.
- d) Solicitar un novo libro de reclamacións.

21. Cando sexa obrigatorio que un autobús dispoña de asentos de pasaxeiros con cinto de seguridade, os espazos para cadeiras de rodas estarán provistos de:

- a) sistema de retención para as cadeiras.
- b) sistema de retención para os usuarios das cadeiras.
- c) airbag para os usuarios das cadeiras.
- d) As respostas A e B son correctas.

22. A rampla dun autobús adaptado a usuarios de cadeira de rodas poderá funcionar con seguridade cunha carga de:

- a) 300 kg.
- b) 500 kg.
- c) 600 kg.
- d) 700 kg.

23. De que maneira se informará no interior dos autobuses de clases I e II novos, adscritos a servizos urbanos e suburbanos de transporte regular de uso xeral, sobre a solicitude de parada?

- a) De maneira visual.
- b) De maneira sonora.
- c) Mediante escintileos luminosos.
- d) As respostas A e B son correctas.

24. Respecto do transporte de persoas con mobilidade reducida, a normativa define unha serie de prescricións técnicas que obrigatoriamente deben cumprir determinado tipo de autobuses. Cales son?

- a) Os de clase A.
- b) Os de clase B.
- c) Os de clase I.
- d) Os de clases II e III.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 19-05-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

25. Nos autobuses e autocares, os mandos de emerxencia das portas de servizo e de todas as saídas de emerxencia deben sinalizarse:

- a) cun sinal luminoso.
- b) cun símbolo ou un letreiro.
- c) sempre cun letreiro en cor vermella.
- d) sempre con símbolos de cor vermella.

26. Como se chama a enerxía que ten un vehículo por estar en movemento?

- a) Enerxía potencial.
- b) Enerxía calorífica.
- c) Enerxía cinética.
- d) Inercia estática.

27. Cal das seguintes afirmacións é certa?

- a) Ao pisar o acelerador aumenta a cantidade de gases no motor, polo que diminúe a forza xerada.
- b) Ao pisar o acelerador diminúe a cantidade de gases no motor ao entrar máis combustible, polo que diminúe a forza xerada.
- c) Ao pisar o acelerador diminúen as resistencias por rozamento no motor, polo que aumenta a forza xerada.
- d) Ao pisar o acelerador aumenta a cantidade de gases no motor, polo que aumenta a forza xerada.

28. Cal das seguintes afirmacións é correcta respecto a como pode tomarse o período de descanso diario normal?

- a) Exclusivamente pode ser de 11 horas consecutivas.
- b) Exclusivamente pode ser de 9 horas consecutivas.
- c) Pode ser de 11 horas consecutivas ou en dous períodos, o primeiro dos cales deberá ter unha duración ininterrompida mínima de 3 horas e o segundo unha duración ininterrompida mínima de 9 horas.
- d) Pode ser de 11 horas consecutivas ou en tres períodos dos cales un deberá ter unha duración ininterrompida de 8 horas e a suma dos outros dous non debe ser inferior a 4 horas.

29. Para poder utilizar adecuadamente o motor dun vehículo, cal das seguintes características é innecesario coñecer?

- a) A potencia máxima.
- b) O coeficiente de rozamento.
- c) O consumo específico.
- d) O par máximo.

30. Que debemos facer ante unha hemorraxia na perna?

- a) Presionar a arteria humeral.
- b) Presionar a arteria femoral.
- c) Elevar o brazo.
- d) Presionar unha perna coa outra.

31. Pódese accionar o retardador hidráulico por medio do pedal do freo?

- a) Non, nunca.
- b) Só circulando en pendentes ascendentes.
- c) Só circulando en pendentes descendentes.
- d) Si, hai casos en que si se pode.

32. O aparello de control (tacógrafo dixital) cambiará de modo de funcionamento atendendo a:

- a) as tarxetas de tacógrafo válidas que se insiran nos dispositivos de interface.
- b) as indicacións do controlador.
- c) as interaccións do técnico do taller.
- d) a marcha do vehículo.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 19-05-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

33. Cal é o obxectivo principal do aparello de control?

- a) Reducir o consumo de carburante.
- b) Reducir a contaminación.
- c) Controlar de forma eficaz a normativa social no sector do transporte por estrada.
- d) Coñecer a hora de chegada das mercadorías ao destino.

34. Nun motor de combustión, a árbore de levas é un elemento que pertence ao sistema de...

- a) distribución.
- b) alimentación.
- c) refrixeración.
- d) lubricación.

35. Que elemento do sistema de escape ten como finalidade reducir a cantidade de gases tóxicos dos gases de escape?

- a) O colector.
- b) O silencioso.
- c) O catalizador.
- d) A válvula de escape.

36. Nos embragues de fricción en seco, cando se pisa o pedal do embrague...

- a) embrágase.
- b) desembrágase.
- c) presiónase o disco de embrague contra o volante de inercia.
- d) transmítese o movemento do motor á caixa de velocidades.

37. Como se debe aplicar unha masaxe cardíaca a un ferido de accidente?

- a) Débense aplicar dúas respiracións artificiais boca a boca cada dúas masaxes cardíacas.
- b) Non se debe combinar a masaxe cardíaca coa respiración artificial.
- c) Débense aplicar dúas respiracións artificiais boca a boca cada trinta masaxes cardíacas.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

38. Unha caixa de cambio manual está formada por...

- a) un convertidor de par e un conxunto de trens epicicloidales.
- b) un cárter, un tren de engrenaxes e un mando o cambio.
- c) un cárter, un convertidor de par, un tren de engrenaxes e un mando o cambio.
- d) un cárter, convertidor de par, un tren de engrenaxes epicicloidales e un mando o cambio.

39. Ordenar os motores de maior a menor consumo específico.

- a) Diésel de inxección directa, diésel de inxección indirecta, gasolina de inxección directa e gasolina de inxección indirecta.
- b) Gasolina de inxección indirecta, gasolina de inxección directa, diésel de inxección indirecta e diésel de inxección directa.
- c) Diésel de inxección directa, gasolina de inxección directa, diésel de inxección indirecta e gasolina de inxección indirecta.
- d) Diésel de inxección indirecta, diésel de inxección directa, gasolina de inxección directa e gasolina de inxección indirecta.

40. A entrada de aire no interior do cilindro dun motor de combustión e a posterior saída dos gases queimados realízase a través:

- a) do inyector.
- b) duns orificios practicados na culata.
- c) duns orificios practicados na tapa de balancines.
- d) do cárter.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 19-05-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

41. Onde se realiza a combustión do carburante co aire nun motor diésel?

- a) No interior da tapa de balancines.
- b) Na cámara de compresión.
- c) Na bomba de inxección.
- d) Na bomba de alimentación.

42. Se un automóbil necesita dúas baterías para conseguir 24 voltios de tensión, como deben conectarse?

- a) Positivo con positivo e negativo con negativo.
- b) O positivo dunha batería a masa e o negativo da outra batería a enerxía.
- c) En serie.
- d) En paralelo.

43. O sobrequecemento dos pneumáticos é unha característica típica...

- a) da correcta presión de inflado.
- b) do accionamento correcto dos freos.
- c) da sobrecarga nos eixos dianteiro e traseiro.
- d) provocada polo desgaste prematuro dos pneumáticos.

44. En tramos en pendentes ascendentes ou chairros en caso de nevada, que relación de marcha debemos utilizar?

- a) Marchas baixas co motor moi revolucionado.
- b) Marchas baixas co motor pouco revolucionado.
- c) Marchas altas co motor moi revolucionado.
- d) Marchas altas co motor pouco revolucionado.

45. Se non se mantén un nivel correcto de presión nos pneumáticos, cal das seguintes avarías pode producirse?

- a) Que o compresor do circuíto de freado non mande aire ao calderín.
- b) Rebentón de rodas.
- c) Avarías na caixa de cambios.
- d) Avarías na transmisión.

46. Realizar un mantemento adecuado do vehículo non ten como finalidade:

- a) aumentar a velocidade máxima do vehículo.
- b) reducir avarías e a súa gravidade
- c) diminuír o consumo de carburante e outros líquidos.
- d) reducir a emisión de gases contaminantes.

47. Cal das seguintes técnicas indicadas é máis correcta para optimizar o consumo de carburante?

- a) Evitar o vento traseiro.
- b) Reducir o réxime de revolucións.
- c) Circular en punto morto sempre que sexa posible.
- d) Usar un adecuado asistente da dirección.

48. Cal dos seguintes estilos de condución é inadecuado para o aforro de carburante?

- a) Arrincar o motor sen acelerar.
- b) Ao arrincar, iniciar inmediatamente a marcha se o seu vehículo é de gasolina.
- c) Ao arrincar, esperar uns instantes antes de iniciar a marcha se o seu vehículo é diésel.
- d) Actuar sabendo que o vehículo consome menos nas marchas curtas.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 19-05-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

49. Cal dos seguintes sistemas esixe un maior mantemento?

- a) O sistema de lubricación.
- b) O sistema de xeración de electricidade.
- c) O sistema de arranque.
- d) O sistema de admisión e escape.

50. Cales son os elementos de seguridade activa máis descataados nun vehículo?

- a) Os freos e a caixa de cambios.
- b) As luces e a caixa de cambios.
- c) Os freos e as rodas.
- d) As rodas e a caixa de cambios.

51. Cales son os equipos de protección individual do tronco e do abdome?

- a) Xeonlleiras.
- b) Faixas e cintos antivibracións.
- c) Luvas contra as agresións de orixe eléctrica.
- d) Protectores auditivos.

52. Cales son os principais riscos asociados á actividade de transporte?

- a) Os accidentes derivados do transporte de mercadorías perecedoiras.
- b) Accidentes en operacións de carga e descarga e de mantemento dos vehículos.
- c) Levar unha vida ordenada e con horarios prefijados.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

53. Cando se activa o airbag, que gas é inxectado na bolsa ou coxín inflable?

- a) Nitróxeno.
- b) Osíxeno.
- c) Hidróxeno.
- d) Halón.

54. Nun tacógrafo dixital, pódese extraer a tarxeta co vehículo en movemento?

- a) Non, en ningún caso.
- b) Si, pero só se non pasa 20 km/h.
- c) Si, pero só a do segundo condutor.
- d) Si, a calquera velocidade.

55. Cando nunha inspección de transporte por estrada se detecte que un vehículo mostra indicios fundados de manipulación do limitador de velocidade, a autoridade competente poderá:

- a) poñer na parte traseira do vehículo un sinal vermello de perigo.
- b) precintar o vehículo.
- c) deter ao condutor e poñelo a disposición xudicial.
- d) ordenar o traslado do vehículo a un taller autorizado para o seu exame.

56. Que ocorre cando un pneumático ten maior superficie de apoio sobre o chan, por estar insuficientemente inflado?

- a) Que o pneumático se desgastará excesivamente na parte central da banda de rodadura.
- b) Que aumentará a estabilidade do vehículo.
- c) Que o pneumático se desgastará excesivamente nos laterais da banda de rodadura.
- d) Que diminúe o consumo de carburante.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 19-05-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

57. Nos freos de tambor, a parte móbil do conxunto chámase:

- a) disco.
- b) tambor.
- c) prato.
- d) ABS.

58. O filtro do aire do sistema de alimentación dun motor de combustión debe substituírse periodicamente, que sucedería se non se fixese?

- a) Sairía máis cantidade de fume branco polo escape.
- b) Aumentaría o consumo de carburante.
- c) Reduciríase a cantidade de gases tóxicos do escape.
- d) Aumentaría excesivamente a potencia do motor.

59. Se o ángulo de caída das rodas dianteiras é insuficiente...

- a) non se poderá mover o volante da dirección.
- b) o desgaste dos pneumáticos será máis pronunciado pola parte exterior da banda de rodamento.
- c) o desgaste dos pneumáticos será máis pronunciado pola parte interior da banda de rodamento.
- d) aumentará o consumo de líquido da dirección.

60. As funcións previstas para as Xuntas Arbitrais do Transporte serán exercidas en relación con:

- a) calquera medio de transporte.
- b) os transportes terrestres.
- c) os transportes marítimos e por estrada.
- d) os transportes por estrada, unicamente.

61. Como se deben apoiar as mans no esterno para reanimar a un ferido?

- a) A parte anterior da palma dunha man, a outra colocala sobre a primeira e cos brazos cruzados e perpendiculares ao peito do ferido.
- b) A parte posterior da palma dunha man, a outra colocala sobre a primeira e cos brazos rectos e perpendiculares ao peito do ferido.
- c) A parte anterior da palma dunha man, a outra colocala sobre a primeira e cos brazos rectos e perpendiculares ao peito do ferido.
- d) A parte posterior da palma dunha man, a outra colocala sobre a primeira e cos brazos cruzados e perpendiculares ao peito do ferido.

62. Entre os elementos complementarios que hai que revisar antes de iniciar un servizo, nun vehículo de transporte, non se atopa:

- a) a cor uniforme das equipaxes.
- b) o funcionamento do aire acondicionado.
- c) os elementos de autoprotección (para materias perigosas).
- d) os martelos rompe cristais (viaxeiros).

63. Que síntomas non aparecen coa fatiga do condutor?

- a) Diminución da atención.
- b) Diminución da concentración.
- c) Diminución da somnolencia.
- d) Diminución dos reflexos.

64. Entre as funcións que debe cumprir unha roda, sinale a que non lle corresponde.

- a) Soster a masa do vehículo, facilitando o seu movemento con mínimo esforzo.
- b) Converter o movemento de xiro en movemento de avance do vehículo, grazas á súa resistencia ao deslizamiento sobre o terreo.
- c) Non liberar ao ambiente a calor producida polos freos e o traballo do pneumático.
- d) Han de ser o máis lixeiras posibles para que a masa non suspendida do vehículo sexa mínima.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 19-05-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

65. O abandono dunha vía circular ou dunha glorieta, que manobra implica?

- a) Unha manobra de cambio de dirección á esquerda.
- b) Unha manobra de cambio de carril.
- c) Unha manobra de cambio de dirección á dereita.
- d) A saída das glorietas non se considera manobra.

66. Os vehículos destinados a remolcar aos accidentados, avariados ou mal estacionados, cando deberán utilizar o sinal luminoso V-2 unicamente para indicar a súa situación?

- a) Sempre que se atopen en movemento.
- b) Cando interrompan ou obstaculicen a circulación.
- c) Soamente cando estean parados.
- d) En ningún caso.

67. O distintivo de nacionalidade española, que forma e inscricións deberá ter?

- a) Circular de fondo branco e coa letra E de cor negra.
- b) Circular de fondo negro e coa letra E de cor branca.
- c) Elíptica de fondo branco e coa letra E de cor negra.
- d) Elíptica de fondo negro e coa letra E de cor branca.

68. A que vehículos afectan exclusivamente as indicacións dos semáforos de ocupación de carril?

- a) Aos vehículos pesados.
- b) Aos vehículos que circulen polo carril sobre o que están situados.
- c) Aos tranvías.
- d) Aos ciclos e ciclomotores.

69. A marca viaria que delimita os lugares en que o estacionamento está permitido e limitado durante certos períodos do día, de que cor é?

- a) Azul.
- b) Blanco.
- c) Amarelo.
- d) Laranxa.

70. En caso de choiva intensa, cando se debe acender a luz de cruzamento?

- a) Soamente no caso que circulemos pola noite.
- b) Soamente en caso de tormentas.
- c) Tanto de día como de noite para poder ser visto.
- d) En ningún caso.

71. Se non se mantén un nivel correcto de presión nos pneumáticos, cal das seguintes avarías pode producirse?

- a) Que o compresor do circuíto de freado non mande aire ao calderín.
- b) Avarías na caixa de cambios.
- c) Avarías na transmisión.
- d) Rebentón de rodas.

72. O consumo de carburante redúcese se...

- a) se aumenta o número de aceleracións.
- b) se aproveitan as inercias só nas pendentas ascendentes.
- c) se fai un bo uso da caixa de velocidades.
- d) se aumenta o réxime de xiro.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 19-05-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

73. Que debe facer un condutor se conduce un vehículo con tacógrafo dixital sen tarxeta?

- a) Utilizar a tarxeta da empresa.
- b) Indicar por escrito nun documento "ad hoc" os datos básicos da condución.
- c) Efectuar unha impresión de datos ao comezo e outra ao final da condución.
- d) Non debe conducir o vehículo salvo caso de urxencia xustificada.

74. Cal é unha medida de aforro de carburante equivocada?

- a) Observar de lonxe para anticiparse ás condicións do tráfico.
- b) Manter a agulla do contarrevolucións do motor na zona marcada, xeralmente, de cor verde.
- c) Observar as revolucións do motor para decidir o momento no que se debe cambiar de marcha.
- d) Parar o motor en detencións breves.

75. Para aforrar carburante é conveniente...

- a) coñecer o material do que está fabricado o motor.
- b) coñecer con exactitude datos técnicos do vehículo como o coeficiente aerodinámico ou a carreira do pistón.
- c) saber seleccionar a relación de marchas máis adecuada.
- d) coñecer o material do que está fabricado a carrocería.

76. Que resistencia intervéñen no movemento dos vehículos?

- a) O movemento dos pistóns.
- b) O movemento do volante de inercia.
- c) O movemento dos eixos da caixa de velocidades.
- d) A resistencia á rodadura.

77. Nos motores dos automóviles actuais, se o vehículo circula a máis de 20 km/h, non se pisa o pedal do embrague nin do acelerador e hai engranada unha velocidade na caixa de cambios, o consumo:

- a) aumenta.
- b) equivale ao consumo a ralentí.
- c) é nulo.
- d) está ao redor dun litro por cada 100 quilómetros.

78. Segundo auméntase aumenta a velocidade dun vehículo pesado, aumenta tamén o consumo de carburante?

- a) Si, aumentando o consumo na mesma proporción.
- b) Si, aumentando o consumo en maior proporción que a velocidade.
- c) Si, aínda que o consumo aumenta en menor proporción.
- d) Non, o consumo só depende do coeficiente aerodinámico do vehículo.

79. O aire acondicionado ou o climatizador...

- a) é un dos accesorios que permite aforrar combustible.
- b) non ten ningunha incidencia no consumo de combustible.
- c) inflúe en gran medida no consumo de combustible.
- d) só inflúe no consumo de combustible cando se circula por vías fóra de poboado.

80. Que inflúe no consumo de carburante dun vehículo pesado?

- a) O tipo de bomba de alimentación: de membrana ou de émbolo.
- b) O tipo de ralentizador que monte o vehículo.
- c) O mantemento do vehículo, a posición do pedal do acelerador e o tipo de condución que realice o condutor.
- d) O tipo de buxías que monte: frías ou quentes.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 19-05-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

81. Entre outros factores, de que depende o consumo de carburante?

- a) Da situación das rodas motrices.
- b) Da porcentaxe de anticonxelante que posúa o líquido do sistema de refrixeración.
- c) Do tipo de freo que monte o vehículo.
- d) Da posición do pedal do acelerador.

82. Entre os factores que inflúen no consumo de carburante dun vehículo pesado atópase:

- a) o mantemento do vehículo e o perfil da estrada.
- b) o tipo de batería e a relación de marchas seleccionada.
- c) a posición do pedal do acelerador e a lonxitude do cigüeñal.
- d) a presión dos pneumáticos e a lonxitude do pistón.

83. Entre os factores que afectan o consumo de carburante dun automóbil con motor de combustión atópase:

- a) o mantemento do vehículo, a relación de marchas seleccionada na caixa de velocidades e a aerodinámica do vehículo.
- b) o tipo de buxías que monte: frías ou quentes.
- c) o tipo de bomba de alimentación: de membrana ou de émbolo.
- d) a montaxe de freos de disco.

84. Entre os condicionantes internos da condución inclúese:

- a) a velocidade.
- b) as distraccións.
- c) a aprendizaxe.
- d) o estado dos pneumáticos.

85. Os custos anuais dos accidentes de tráfico supoñen un custo para os países da Unión Europea de ao redor do:

- a) 0,2% do PIB.
- b) 2% do PIB.
- c) 7% do PIB.
- d) 10% do PIB.

86. Como se denomina ao produto da forza de expansión dos gases queimados que se transforma en xiro no cigüeñal?

- a) Potencia do motor.
- b) Par motor.
- c) Consumo específico dun motor.
- d) Par máximo do motor.

87. O traslado do domicilio do condutor ao centro de traballo e viceversa, compútase dentro da xornada?

- a) Non.
- b) Si.
- c) Si, só se o traslado se produce entre dous municipios distintos.
- d) Si, pero só se o traslado se produce cun vehículo da empresa.

88. Poderá procederse á inmovilización dun vehículo nunha inspección de transporte na estrada se:

- a) o condutor supera nun 5% o límite de velocidade.
- b) falta o título habilitante para o transporte.
- c) o condutor colabora cos axentes encargados do control.
- d) Nunca pode procederse á inmovilización dun vehículo.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 19-05-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

89. Cal é o obxecto do Sistema de Información de Schengen (SIS)?

- a) Ter clasificado o ADN de todas as persoas que cruzasen as fronteiras.
- b) Poder facer un mapa xenético dos cidadáns europeos.
- c) Preservar a orde e a seguridade públicos á vez que se facilita a circulación de persoas.
- d) Informatizar os servizos xudiciais europeos.

90. Que comportamento é aconsellable para os condutores?

- a) O uso do vehículo para traballar co computador.
- b) O uso do vehículo como lugar de descanso.
- c) O uso do vehículo para encher papeis.
- d) A realización de exercicio físico fose do traballo de forma regular.

91. Os accidentes de tráfico que se consideran accidentes laborais poden ser:

- a) in itinere ou en misión.
- b) en servizo ou en disposición.
- c) Ningún accidente de tráfico pode catalogarse como laboral.
- d) en presenza ou en servizo.

92. Os gases de escape necesitan pasar polo catalizador porque conteñen gases tóxicos como:

- a) óxidos nitrosos e silicatos.
- b) vapores de ácido sulfúrico.
- c) óxidos de carbono e óxidos nitrosos.
- d) vapores de silicio e nitróxeno.

93. A substitución do aceite lubricante...

- a) depende da marca do filtro de aceite.
- b) realizarase cando o indique o fabricante do vehículo.
- c) depende da marca da bomba de engraxamento.
- d) depende do tipo de termostato que utilice o motor.

94. É conveniente saltarse unha ou varias marchas?

- a) Unicamente ao reducir de marchas.
- b) Só se se circula en pendente ascendente.
- c) Si.
- d) Non, nunca.

95. Segundo a Lei de responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículo de motor, con que será sancionado o incumprimento da subscrición do seguro?

- a) Multa de 301 a 600 .
- b) Multa de 601 a 3005 .
- c) Perda de 4 puntos.
- d) Perda de 2 puntos.

96. As forzas de adherencia que interveñen nun autobús en marcha resultan:

- a) da atracción e da gravidade.
- b) do freado e da fricción.
- c) da fricción da freada.
- d) da fricción e da atracción.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 19-05-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

97. En que consiste a forza de adherencia?

- a) É a que conserva a dirección do autobús.
- b) É a que actúa en contra da forza motriz.
- c) É a que resulta da fricción e da atracción.
- d) É a que resulta da resistencia ao aire.

98. Nunha curva tomada por un autobús, que se entende por subviraje?

- a) A traxectoria real é máis aberta que a que debería realizar.
- b) A traxectoria real é máis pechada que a que debería realizar.
- c) A traxectoria do autobús cando cambia de carril.
- d) O envorco do autobús ao tomar a curva freando.

99. Como se clasifican os transportes de viaxeiros segundo o ámbito en que se realicen?

- a) Públicos ou privados.
- b) Interiores e internacionais.
- c) Permanentes e ocasionais.
- d) Xenerais e especiais.

100. Polo menos una das portas adaptadas a usuarios de cadeira de rodas que se instalen nos autobuses será:

- a) porta de servizo nos autobuses de clase I.
- b) porta de servizo nos autobuses de clase II.
- c) porta de servizo nos autobuses de clase III.
- d) porta de servizo en todo tipo de autobuses.

Preguntas de reserva (Só se corruxarán se o tribunal anula algunha das anteriores)
--

101. Unha marca lonxitudinal descontinua, que é sensiblemente máis ancha que no caso xeral, indica:

- a) a existencia dun carril especial.
- b) que ningún condutor co seu vehículo debe atravesala.
- c) como se debe realizar determinada manobra nunha intersección.
- d) a aproximación dunha marca lonxitudinal continua.

102. A cilindrada dun motor é...

- a) o diámetro interior do cilindro.
- b) a distancia entre o punto morto superior e o punto morto inferior.
- c) a relación que hai entre o volume que ocupan os gases que entran no cilindro antes de ser comprimidos e o que ocupan unha vez comprimidos.
- d) o resultado de multiplicar o volume dun cilindro polo numero de cilindros que teña o motor.

103. Algúns motores que utilizan o gasóleo como carburante poden utilizar un carburante ecolóxico alternativo chamado:

- a) etanol.
- b) bioetanol.
- c) diésel.
- d) biodiésel.

EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Examen: Viajeros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Fecha: 19-05-2021 16:30 h

96. Las fuerzas de adherencia que intervienen en un autobús en marcha resultan:

- a) de la atracción y de la gravedad.
- b) del frenado y de la fricción.
- c) de la fricción de la frenada.
- d) de la fricción y de la atracción.

97. ¿En qué consiste la fuerza de adherencia?

- a) Es la que conserva la dirección del autobús.
- b) Es la que actúa en contra de la fuerza motriz.
- c) Es la que resulta de la fricción y de la atracción.
- d) Es la que resulta de la resistencia al aire.

98. En una curva tomada por un autobús, ¿qué se entiende por subviraje?

- a) La trayectoria real es más abierta que la que debería realizar.
- b) La trayectoria real es más cerrada que la que debería realizar.
- c) La trayectoria del autobús cuando cambia de carril.
- d) El vuelco del autobús al tomar la curva frenando.

99. ¿Cómo se clasifican los transportes de viajeros según el ámbito en que se realicen?

- a) Públicos o privados.
- b) Interiores e internacionales.
- c) Permanentes y ocasionales.
- d) Generales y especiales.

100. Al menos una de las puertas adaptadas a usuarios de silla de ruedas que se instalen en los autobuses será:

- a) puerta de servicio en los autobuses de clase I.
- b) puerta de servicio en los autobuses de clase II.
- c) puerta de servicio en los autobuses de clase III.
- d) puerta de servicio en todo tipo de autobuses.

Preguntas de reserva (Solo se corregirán si el tribunal anula alguna de las anteriores)

101. Una marca longitudinal discontinua, que es sensiblemente más ancha que en el caso general, indica:

- a) la existencia de un carril especial.
- b) que ningún conductor con su vehículo debe atravesarla.
- c) cómo se debe realizar determinada maniobra en una intersección.
- d) la aproximación de una marca longitudinal continua.

102. La cilindrada de un motor es...

- a) el diámetro interior del cilindro.
- b) la distancia entre el punto muerto superior y el punto muerto inferior.
- c) la relación que hay entre el volumen que ocupan los gases que entran en el cilindro antes de ser comprimidos y lo que ocupan una vez comprimidos.
- d) el resultado de multiplicar el volumen de un cilindro por el número de cilindros que tenga el motor.

103. Algunos motores que utilizan el gasóleo como carburante pueden utilizar un carburante ecológico alternativo llamado:

- a) etanol.
- b) bioetanol.
- c) diésel.
- d) biodiésel.

EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Examen: Viajeros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

Lugar: Rua Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Fecha: 19-05-2021 16:30 h

